



Lingua galega

A Consellería de Cultura e Educación colabora coa actividade da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

» O conselleiro e o presidente da AELG asinaron hoxe os convenios polos que a Xunta lle achega 21.000 euros á asociación para apoiar o desenvolvemento de diferentes iniciativas a prol da literatura e da lingua galegas

Mar, 20/05/2014 - 11:45

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, asinaron hoxe dous convenios de colaboración a través dos que a Xunta apoia a actividade desta entidade cunha achega total de 21.000 euros.

No que atinxe á difusión dos autores e autores e das súas obras, a Consellería contribúe por medio dos convenios ao enriquecemento da web da asociación, que conta cun centro de documentación e cunha sección de entrevistas que teñen como obxectivo darlle a coñecer a toda a comunidade, en particular á comunidade educativa, vídeos coas reflexións que as e os escritores fan sobre a súa propia obra, o proceso creativo e as orixes da súa vocación literaria.

A través dos devanditos acordos, a Xunta de Galicia colabora, ademais, con algúns dos galardóns outorgados pola asociación, en concreto cos Premios AELG 2014, que premian as mellores obras editadas en galego en 2013; e coa Homenaxe ao escritor na súa terra, recoñecemento á dilatada carreira dunha autora ou autor galego que este ano recae no labor literario de Xabier P. Docampo.

Así mesmo, os convenios abranguen a colaboración na organización de actividades formativas como a Escola de Escritores/as da AELG, o ciclo Escritores na Universidade; o curso de formación continua As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora; así como a presenza de autores da asociación nos centros de estudos galegos, e a celebración dos encontros 'Polafía', que teñen como obxectivo a posta en valor do patrimonio oral, literario e musical galego. A Consellería comprométese, tamén, a prestarlle apoio e asesoramento lingüístico á actividade da AELG por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Departamento: [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#) • [Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria](#)
Tema: [Lingua galega](#) • [Cultura](#)

